

Informe de Acción de coordinación

**MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA
(CAMPUS DE PONTEVEDRA)**

Curso 2022/2023

Índice

<i>I. INFORMACIÓN XERAL.....</i>	<i>2</i>
<i>II . COORDINADORES/AS.....</i>	<i>2</i>
<i>III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN</i>	<i>2</i>
<i>IV. CONCLUSIÓNS</i>	<i>11</i>
<i>V. ANEXOS.....</i>	<i>11</i>

I INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Máster Universitario en Avogacía pola Universidade de Vigo
Centro/s onde se imparte o título	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (Campus de Vigo e Campus de Pontevedra) e Facultade de Dereito (Campus de Ourense)
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/é participante/s	
Curso de implantación	2012/2013

II COORDINADORES/AS

Coordinador/a de o Título	Coordinador: Pablo Grande Seara Secretario: Tomás Farto Piay
Coordinadores/as de Curso (se procede)	

III ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

As actuacións de coordinación que se levaron a cabo no marco do Máster Universitario en Avogacía foron, fundamentalmente, as seguintes:

- 1.- Reunións de coordinación no marco da Comisión Académica do Máster
- 2.- Reunión/comunicación entre a Coordinación académica do Máster e a Coordinación profesional
- 3.- Reunión/comunicación entre a Coordinación e o profesorado responsable da docencia no Máster.
- 4.- Reunión/comunicación co alumnado do Máster.
- 5.- Comunicación/colaboración con órganos e unidades administrativas da Universidade.
- 6.- Coordinación entre o Máster en Avogacía vinculado á Facultade de Ciencias

Xurídicas e do Traballo e o Máster en Avogacía vinculado á Facultade de Dereito.

1.- REUNIÓN DE COORDINACIÓN NO MARCO DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER

Dentro da CAM realízase un intenso traballo de coordinación entre os representantes da Universidade e os representantes do Colexio da Avogacía de Pontevedra. Entre as competencias que lle corresponden a este órgano destacan, segundo o disposto no Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio da Avogacía de Pontevedra, do 14 de maio de 2012 (modificado o 15 de xuño de 2020), as seguintes:

- Vixiar o cumprimento da actividade docente e académica (cumprimento dos horarios de clases e titorías), velar pola dispoñibilidade de espazos (aulas, equipamento de videoconferencia, etc.).
- Seleccionar o alumnado admitido no programa.
- Emitir informe para o recoñecemento de competencias e a equivalencia de títulos estranxeiros de fóra do EEES.
- Formular as demandas de medios humanos e materiais, debidamente xustificadas.
- Seleccionar o alumnado para bolsas ou estancias de mobilidade noutros centros ou institucións nacionais do EEES baixo os principios de igualdade e concorrencia competitiva.
- Elaborar e aprobar anualmente as guías docentes da titulación e remitilas ao centro para a súa aprobación pola Xunta de Centro segundo a normativa establecida.
- Elaborar e aprobar anualmente a Planificación Docente Anual (PDA).
- Aprobar anualmente o cadro de profesorado da titulación,
- Aprobar anualmente a relación de titores en prácticas segundo o seu horario.

Para facer efectivas as súas funcións de coordinación, a CAM mantivo un total de sete reunións durante o curso 2022/2023. As evidencias correspondentes ás cuestións tratadas e acordos adoptados sobre as materias anteriormente citadas poden consultarse nas actas das devanditas reunións publicadas na páxina web do Máster, á que se pode acceder a través da seguinte ligazón: <http://avogaciapontevedra.webs.uvigo.es/gl/informacion/comision-academica/>.

2.- REUNIÓN/COMUNICACIÓN ENTRE A COORDINACIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER E A COORDINACIÓN PROFESIONAL.

Tendo en conta o deseño do Título, no Máster en Avogacía existe unha Coordinación académica e outra profesional. De conformidade co disposto no citado Convenio de colaboración académica referido, son funcións da Coordinación académica:

- Supervisar as guías docentes de cada un dos módulos formativos, elaboradas polos responsables das materias e revisadas polos coordinadores dos módulos, así como o seu correcto cumprimento ao longo do curso académico.
- Aprobar unha memoria anual na que se detalle cantas incidencias se produciron durante a impartición do programa formativo.
- Levar á Comisión Académica cantas propostas considere oportunas para o mellor funcionamento do plan de formación.
- Calquera outra resultante da normativa vixente na Universidade de Vigo ou do regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, como derivada inmediata dalgunha das competencias que lle corresponden ao Centro.

Son funcións da Coordinación profesional:

- Elaborar a proposta do Plan de Prácticas, e o seu calendario, para sometelas á aprobación da Comisión Académica.
- Propoñer á Comisión Académica o nomeamento de titores en prácticas.
- Aprobar unha memoria anual na que se detalle cantas incidencias se produciron durante o cumprimento do programa de prácticas.
- Planificar os 30 ECTS correspondentes ás prácticas externas. Para iso seleccionará os despachos, institucións ou entidades onde se desenvolvan, así coma os titores e colaboradores que as dirixan. Determinará o plan detallado, calendario e cronograma das prácticas externas e establecerá os mecanismos de control precisos para verificar a súa correcta implantación e desenvolvemento; todo iso de acordo co establecido na Lei e no Regulamento de acceso á profesión, así coma na memoria para a verificación do título de Máster.

Ó longo de todo o curso, mantívose unha comunicación constante e fluída entre a Coordinación académica e a Coordinación profesional do Máster, desenvolvida por María Teresa Pazos Currás, imprescindible, por outra banda, para conseguir unha adecuada organización do mesmo.

No curso 2022/2023, coma nos cursos anteriores, a CAM delegou nas Coordinacións académica e profesional toda a xestión referida á preinscripción e matrícula (listas provisionais

de admitidos/as e excluídos/as, listas definitivas, etc.) do Máster. Sempre, de común acordo, resólvense as cuestións concretas que xurdan durante o curso relacionadas tanto coa docencia correspondente ao curso de formación coma coas prácticas externas. Así mesmo, ambas Coordinacións deseñaron conxuntamente os horarios académicos e os calendarios de prácticas e de TFM do curso 2022/2023, e organizaron a solicitude de propostas temáticas de TFM ao profesorado (xuño de 2022) e a súa asignación ó alumnado.

3.- REUNIÓN/COMUNICACIÓN ENTRE A COORDINACIÓN E O PROFESORADO RESPONSABLE DA DOCENCIA NO MÁSTER.

Mantense, constantemente, unha relación fluída entre a Coordinación e o profesorado ao longo do curso, principalmente, a través do correo electrónico, que facilita e axiliza a comunicación e, con ela, a toma de decisións ante calquera incidencia que sexa preciso solventar.

A continuación, faise referencia as principais cuestións que requiriron esta comunicación e toma de decisións conxuntas entre a Coordinación e o profesorado do Máster.

3.1.- Elaboración do Plan de Ordenación Docente (POD) do curso 2023/2024: Co profesorado implicado nas diferentes materias, abórdanse cuestións relacionadas coa programación das actividades docentes, en particular, a elaboración do POD do Máster. Todos os cursos, con carácter previo á aprobación da proposta de POD na CAM, envíase un correo electrónico á persoa responsable da coordinación de cada materia para que nos informe se vai haber cambios na organización docente do curso seguinte ou, pola contra, mantense a organización do curso anterior (2022/2023). No curso 2022/2023, esta actuación precisou dunha comunicación e colaboración máis estreita entre todas as persoas implicadas no Máster, posto que se procedeu á posta en marcha do novo Máster en Avogacía e Procuradoría, dándolle entrada á participación no Máster ó colectivo dos procuradores.

Neste senso, o 24 de maio de 2023, remitiuse un correo electrónico aos responsables da coordinación de cada materia, solicitando información sobre as modificacións que, de ser o caso, afecten ao POD da respectiva materia para ser aprobados na CAM correspondente. Tamén se lle remitiu ó Decanato do Colexio de Procuradores de Pontevedra, solicitándolles a proposta do profesorado deste colectivo que impartirá docencia no novo Máster.

3.2.- Elaboración e aplicación das Guías docentes do curso 2022/2023: Ao longo do curso académico, como en cursos anteriores, mantívose unha relación fluída, principalmente a través do correo electrónico, entre os responsables da coordinación de cada materia e o profesorado. Esta coordinación ten como finalidade, fundamentalmente, organizar a distribución de contidos das materias, planificar as actividades docentes e de avaliación que o profesorado propón para o alumnado, así coma unificar os criterios de avaliación entre o profesorado que imparte cada materia. Todo isto queda debidamente reflectido nas guías docentes, que están aprobadas pola CAM e pola Xunta de Facultade.

Neste senso, de acordo co calendario de elaboración e aprobación das guías docentes para o curso 2022/2023, en xuño de 2022, remítese un correo electrónico ós coordinadores/as das distintas materias, solicitándolles que procedan á elaboración das Guías Docentes a través da aplicación DocNet, no que tamén se transmitiron as instrucións oportunas para a elaboración das mesmas.

3.3.- Cronogramas do curso 2022/2023: Cada materia do Máster, impártese ao 50% entre profesorado da Universidade e profesores externos (avogados do ICA-Pontevedra), o que fai necesario establecer unha coordinación entre todos. A tal efecto, os responsables da coordinación das distintas materias tiveron que elaborar, conxuntamente e previa coordinación co profesorado universitario e externo da materia que coordina, o cronograma da materia. Estes cronogramas son enviados ao coordinador académico para a súa revisión. Posteriormente, o responsable da coordinación de cada materia publícao na plataforma de teledocencia MOOVI, xunto coa guía docente, para o coñecemento xeral do alumnado.

01.08.2022: Envío dun correo electrónico aos coordinadores/as das materias do primeiro cuatrimestre do curso 2022/2023, solicitándolles a elaboración e remisión dos cronogramas das mesmas, e no que se remite o modelo de plantilla para súa elaboración.

19.01.2023: Envío dun correo electrónico aos coordinadores/as das materias do segundo cuatrimestre do curso 2022/2023, solicitándolles a elaboración e remisión dos cronogramas das mesmas, e no que se remite o modelo de plantilla para súa elaboración.

3.4.-Outras comunicacións relevantes co profesorado (por orden cronolóxico):

- a. 29.09.2022: envío de correo electrónico a todo o profesorado do Máster comunicando a asignación de temas de TFM, composición de Tribunais e datas de depósito e defensa dos TFM correspondentes ó curso 2022/2023.
- b. 10.10.2022: envío de correo electrónico a todo o profesorado do Máster con toda a información e indicacións relativas ó inicio da docencia do curso 2022/2023.
- c. 24.02.2023: envío de correo electrónico a todo o profesorado do Máster con toda a información e indicacións relativas ó inicio do segundo cuatrimestre do curso 2022/2023.

4. - REUNIÓN/COMUNICACIÓN CO ALUMNADO DO MÁSTER

Ademais da relación habitual e de contacto permanente entre o alumnado e o profesorado nas distintas materias do programa formativo e práctico do Máster, dende a Coordinación, tanto académica como profesional, mantense unha comunicación constante e fluída co alumnado por iniciativa destes ou aquelas, tanto a través das reunións convocadas para tal fin como, sobre todo, através do correo electrónico.

4.1.- Comunicacions co alumnado do segundo curso do Máster (inclúense unicamente ás máis relevantes)

- a. Principios de setembro de 2022: remisión de correo electrónico recondándolle ó alumnado do segundo curso do Máster o prazo de matrícula en continuación de estudos. Así mesmo, infórmase de que se no momento de formalizar a matrícula se fracciona o pagamento, deben ter en conta que na data da proba de acceso (normalmente a finais de febreiro principios de marzo) poden ter cotas pendentes, polo que é recomendable consultar a opción de pagamento aprazado co persoal do servizo de posgrao. Nese correo tamén se lles informa sobre o inicio, desenvolvemento e organización das prácticas externas.
- b. 18.09.2022: remisión de correo electrónico convocando ó alumnado do segundo curso a unha reunión coa Coordinación académica e profesional do Máster para a asignación de temas e titores de TFM. Neste correo achégaselles o cadro de temas propostos polo profesorado do Máster para a elaboración dos TFM e remíteselles a relación de alumnado ordenada por nota media do expediente académico obtida no primeiro curso do Máster, posto que será a orde que se siga para a elección e asignación de temas de TFM.
- c. 19.01.2023: remisión de correo electrónico recordatorio das datas de entrega ós titores, de depósito e defensa dos TFM na convocatoria de xaneiro de 2023. Esta información tamén se publica na correspondente materia en Moovi.
- d. 24.01.2023: remisión de correo electrónico solicitando a revisión dos títulos dos TFM, por se houbera que facer algunha corrección no título definitivo.
- e. 27.01.2023: remisión de correo electrónico recordatorio da documentación a entregar para o depósito e a defensa do TFM.
- f. 07.02.2023: remisión de correo electrónico informando sobre a asignación de tribunal e hora aproximada para a exposición e defensa do TFM.

4.2.- Comunicacions co alumnado do primeiro curso do Máster (inclúense unicamente ás máis relevantes):

- a. Principios de outubro de 2022: primeira comunicación co alumnado do primeiro curso do Máster. remítese un correo electrónico convocando ao alumnado para a celebración da Xornada de Benvida que se celebrará presencialmente o 17 de outubro de 2022, na sede do Iltre. Colexio da Avogacía de Pontevedra. Esta información tamén se publica na web do Máster.
- b. 24.02.2023: remisión de correo a través da plataforma Moovi, recordatorio do inicio da docencia do segundo cuatrimestre de xeito presencial no salón de actos do Iltre. Colexio Provincial da Avogacía de Pontevedra.

- c. 27.03.2023: remisión de correo aclaratorio sobre as datas de realización das prácticas externas básicas.
- d. Mediados de maio de 2023: remisión por parte do coordinador académico de prácticas externas de correo electrónico recordatorio da data de entrega da memoria de prácticas externas básicas.

4.3.- Reunións no marco do Plan de Acción Titorial (PAT)

No Máster Universitario en Avogacía-Pontevedra, tamén se aplica, nos seus aspectos esenciais, o Plan de Acción Titorial aprobado pola Xunta de Facultade para todas as titulacións que se imparten no Centro. Por acordo da CAM do Máster Universitario en Avogacía-Pontevedra, os responsables do PAT para o curso 2022/2023 seguen a ser a prof^a. María Teresa Martínez Táboas e o Prof. Ángel Manuel Mariño de Andrés.

En cada cuadrimestre, celebráronse dúas reunións conxuntas nas que o alumnado destacou tanto os puntos fortes como os aspectos que se poden mellorar do Máster. As reunións celebradas no curso 2022/2023 foron as seguintes:

A. *Reunións correspondentes ao primeiro cuadrimestre:*

No primeiro cuadrimestre do curso 2022/2023, celebráronse dúas reunións entre os responsables do PAT e o alumnado do primeiro curso:

- a. A primeira tivo lugar o 07.12.2022 e as cuestións plantexadas polo alumnado referíronse, basicamente, as seguintes cuestións, ás que deron resposta axeitada os propios responsables do PAT ou as transmitiron á Coordinación do Máster no seu informe para abordar posibles solucións:
 - Algunhas deficiencias en cuestións de recursos materiais nas aulas na que se imparte o Máster: incomodidade dos asentos do salón de actos do Colexio da Avogacía de Pontevedra para poder seguir as clases, en particular, para poder usar os ordenadores portátiles; así coma a insuficiencia de regletas para poder conectalos.
 - Solicitan que o profesorado lles comunique via correo electrónico a subida de material docente a Moovi.
 - Solicitan que se respete un tempo de descanso duns 20 ms. entre clase e clase, de xeito que o profesorado da primeira sesión remate 10 ms. antes e o da segunda comece 10 ms. despois.
- b. A segunda reunión realizouse a través de plataforma de teledocencia Moovi abrindo un prazo, a principios de febreiro de 2023, para que os estudantes comunicasen a través deste medio as incidencias e/ou suxestións que estimasen pertinentes, sen que se rexistrase ninguha resposta.

B. *Reunións correspondentes ao segundo cuadrimestre:*

No segundo cuadrimestre do curso 2022/2023, celebráronse dúas reunións entre os

responsables do PAT e o alumnado do primeiro curso:

- a. A primeira reunión tivo lugar o 13.03.2023 e nela plantexáronse básicamente, as seguintes cuestións, ás que deron resposta axeitada os propios responsables do PAT ou as transmitiron á coordinación do Máster no seu informe para abordar posibles solucións co profesorado implicado:
 - Solicitan, novamente, que se respete un tempo de descanso duns 20 ms. entre clase e clase, de xeito que o profesorado da primeira sesión remate 10 ms. antes e o da segunda comece 10 ms. despois
 - Solicitan que tanto os exames coma os traballos realizados se lles devolvan coas correccións correspondentes.
 - Manifestan que as sesións de catro horas coa mesma materia son pouco proveitosas e supoñen un esforzo excesivo para manter a atención. Os responsables do PAT sinalan que iso se debe á organización dos horarios motivada polo comprimido que está o primeiro cuatrimestre.
 - Solicitan a posibilidade de realizar as prácticas externas básicas en despachos de fora de Pontevedra, por proximidade ós seus domicilios. Os responsables do PAT trasladan esta solicitude á coordinadora de prácticas externas.
- b. A segunda reunión realizouse a través de plataforma de teledocencia Moovi abrindo un prazo, a finais de maio de 2023, para que os estudantes comunicasen a través deste medio as incidencias e/ou suxestións que estimasen pertinentes. sen que se rexistrase ninguha resposta.

Por último, cómpre destacar que cada estudante conta cun titor académico e un titor profesional no desenvolvemento das dúas materias de prácticas externas que integran o plan de estudos do título. Ambos realizaron un seguimento eficaz das prácticas e a coordinaron no proceso de avaliación das mesmas.

5.- COMUNICACIÓN/COLABORACIÓN CON ÓRGANOS E UNIDADES ADMINISTRATIVAS DA UNIVERSIDADE

Tanto dende a Coordinación académica do Máster como dende a Secretaría da CAM mantívose un estreito contacto ao longo do curso, vía correo electrónico e telefónico, coas diferentes unidades administrativas da Universidade implicadas na oferta académica de posgrao. Entre elas, cabe destacar a Área de Posgrao do ámbito xurídico-social (matrícula, validacións, actas, etc.), a Secretaría do Decanato da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (depósito e organización para a defensa do TFM) e a Dirección da Área de Titulacións (elaboración da PDA e do POD do Máster, aprobación do orzamento, etc.).

6.- COORDINACIÓN ENTRE O MÁSTER EN AVOGACÍA VINCULADO Á FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO E O MÁSTER EN

AVOGACÍA VINCULADO Á FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS OURENSE).

No curso 2022/2023, a coordinación entre os responsables do Máster en Avogacía da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e da Facultade de Dereito centrouse na elaboración e aprobación da Memoria do novo Máster Universitario en Avogacía e Procuradoría para adaptalo ás esixencias derivadas da Lei 15/2021, de 23 de outubro, por a que se modifica la Ley 34/2006, de 30 de outubro, sobre el acceso a las profesiones de Abogado y Procurador de los Tribunales e do Real Decreto 64/2023, de 8 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da mesma.

A tal efecto, constituíuse una Comisión encargada de organizar o novo plan de estudos e de redactar a Memoria para a modificación da titulación, integrada de xeito paritario por representantes das Facultades de Ciencias Xurídicas e do Traballo e de Dereito, por parte da U.Vigo, e dos Colexios profesionais da Avogacía e de Procuradores de Vigo, Pontevedra e Ourense.

Os traballos desta Comisión leváronse a cabo de xeito intenso, entre os meses de marzo e xuño de 2023, para a aprobación da nova Memoria do título e para consensuar a redacción do novo convenio de colaboración académica entre a U.Vigo e os Colexios da Avogacía e a Procuradoría de Vigo, Pontevedra e Ourense. A memoria definitiva do novo título aprobouse polas Comisións Académicas do Máster en Vigo e Pontevedra o 24 de marzo de 2023, e pola Xunta de Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo na mesma data. A súa vez, os convenios de colaboración académica entre a U.Vigo e os Colexios da Avogacía e de Procuradores de Vigo e Pontevedra foron asinados en xullo de 2023.

IV CONCLUSIÓNS

As citadas actuacións de coordinación repítense en termos similares desde a implantación do Máster Universitario en Avogacía no curso 2012/2013.

Un curso máis cómpre destacar a relevancia singular que tivo o Plan de Acción Titorial ao longo deste proceso. Este instrumento permitiu coñecer de primeira man as deficiencias que padecen as actuacións de coordinación, organización e desenvolvemento do Máster, que son postas de manifesto polo alumnado e, en consecuencia, tratar de adoptar as medidas oportunas para corrixilas.

Por último, cómpre sinalar que a labor de coordinación do Máster estivo sempre apoiada na colaboración e o esforzo permanente do profesorado en xeral e, en particular, de quen ao longo do curso 2022/23 ocupou a secretaría da CAM, Profesor Tomas Farto Piay. Así mesmo, merecen un especial recoñecemento os profesores que, un ano máis, se ocuparon da titoría

do PAT no marco do Máster, a profesora María Teresa Martínez Táboas e o profesor Ángel M. Mariño de Andrés.

V. ANEXOS

Achéganse anexos das reunións/comunicacións realizadas